

MEMORIA

ERASMUS+

ITALIA

María Marina Maril Mosquera

Curso: 2018-2019

DATOS DA PROFESORA PARTICIPANTE:

Nome e apelidos: María Marina Maril Mosquera.

Ciclos no que imparte clase: Educación infantil e Integración Social.

Módulos impartidos: Desenvolvemento Cognitivo e Motor, Desenvolvemento Socioafectivo e Metodoloxía da Intervención Social.

Curso académico: 2018-2019

DATOS DO CENTRO:

Nome: CIFP Anxel Casal -Monte Alto.

Enderezo: Paseo Marítimo, 47. A Coruña, 15002

Coordinadora de programas internacionais: Cristina Vázquez Fernández.

DATOS DO CENTRO DE ACOLLIDA:

Nome: Comune di Argenta

Enderezo: Piazza Garibaldi, 1. 44011 Argenta (FE)

Coordinadora de programas internacionais: DR. ILARIA BOSSI

OBXECTIVOS DA MOBILIDADE:

- ✓ Intercambiar experiencias profesionais no campo da educación á primeira infancia, permitíndonos innovar no noso campo de traballo.
- ✓ Actualizar e aprender novos coñecementos prácticos e teóricos relacionados co deseño, a observación educativa, a relación con familias e a adquisición de novas habilidades.
- ✓ Coñecer os proxectos pedagóxicos e a organización dalgunhas das actividades educativas e servizos do municipio de Argenta.
- ✓ Profundizar e reflexionar a través do debate e o intercambio de diferentes puntos de vista sobre as características de diferentes modelos educativos.

TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES:

A mobilidade desenvólvese durante 5 días no mes de maio, desde o 13 ao 17 de maio do 2019.

Día 13/05/2019

O luns 13 de maio de 2019 foi o día de chegada ao aeroporto de Bolonia. A modalidade na que realicei o programa Erasmus+ foi en grupo, compartindo a experiencia con 18 profesores máis da rama de Intervención Sociocomunitaria e procedentes de diferentes partes de España. O mesmo aeroporto foi o punto de encontro cos diferentes docentes que conformabamos o grupo da península, que máis tarde nos reuniríamos co grupo insular procedente de Mallorca. Os membros do grupo da península procedíamos de diferentes cidades españolas como Madrid, Sevilla, Ávila e eu da Coruña. Unha vez reunidos todos os compoñentes do grupo dirixímonos cara a Argenta, lugar onde recibimos a formación Erasmus+

Argenta é un municipio na provincia de Ferrara, na rexión da Emilia-Romana, poboación situada na área de influencia de escolas de Reggio Emilia e o lugar principal onde recibimos a formación de Erasmus+ en Italia.

Todos os docentes hospedámonos no “Hotel Villa Reale” onde nos reunimos co outro grupo de profesores procedentes de Mallorca sobre as 16.00-17.00 da tarde.

Unha vez reunidos os grupos da península e o grupo insular e distribuídas as habitacións, tivo lugar no mesmo hotel e de 17.30 a 19.00 a recepción de benvida por parte da coordinadora de Erasmus+ en Argenta, Ilaria Bossi. A mesma coordinadora achegouse ao noso hotel para establecer a primeira reunión e levar a cabo o primeiro encontro da formación, a presentación de todos os profesores e explicarnos todo o programa de formación que se ía a desenvolver durante os seguintes 4 días en Argenta. Ilaria Bossi acompañounos durante toda a formación en Argenta e dirixiunos cada día ás diferentes escolas infantís ou escolas niño, ademais explicounos todo tipo de detalles en canto ao funcionamento das diferentes escolas infantís, realizando diferentes confrontacións e despexando todo tipo de dúbidas que podían xurdir na formación ou durante a visita aos diferentes centros infantís que visitamos durante os seguintes días de formación na zona.

Unha vez terminada a reunión de benvida e tras a explicación do programa de formación por parte de Ilaria Bossi, dirixímonos sobre as 20.00 a unha cea de benvida nunha casa de agroturismo chamada “ Il Serraglio”, onde puidemos aproveitar a situación para ir

coñecéndonos e intercambiar impresións sobre o programa de formación que estabamos a iniciar.



Día 14/05/2019

O martes 14 de maio de 2019 a formación desenvolveuse de 9.30 a 16.30.

O martes dirixímonos cara a escola infantil que dirixe Ilaria Bossi en Arxentina, onde prestan Servizos Educativos nos niños Dalí/ Gaudí de Arxentina. O centro infantil está situado na Vía G. dei Vittorio 30. Unha vez que chegamos ao centro de educación infantil explicáronnos que existían dous espazos ou niños que comparten a mesma edificación chamados Niño Gaudí e Niño Dalí. Alí foi onde comezamos o primeiro contacto coas crianzas e foi onde comezamos a profundar na metodoloxía Emilia Romana, baseada no respecto á persoa do neno ou nena, a importancia do medio natural no seu desenvolvemento e a arte como medio de expresión e de desenvolvemento da creatividade. Ademais os nenos e nenas aprenden a través da imaxe coa composición das cores e as formas como fonte de aprendizaxe e descubrimento por parte das nenas e nenos de 0 a 3 anos, así como a utilización de instrumentos para a estimulación sensorial das crianzas.

Toda a formación consistiu na observación de campo, unha vez feita a presentación e tras unha introdución sobre as dinámicas de traballo por parte dos educadores e educadoras. Dividíronnos en dous grupos; o Grupo A, que faría a observación no Niño Gaudí e o Grupo B, que faría a observación no Niño Dalí.

A observación consistiu en introducirmos por grupos de 2-3 profesores nas diferentes aulas e divididos por idades de 0-1, 1-2 e 2-3 anos, tanto en aulas interiores como no

exterior ou xardín. No meu caso concreto puidemos observar como as educadoras deixan aos nenos e nenas xogar e experimentar de forma libre cos diferentes materiais: caixa de luz, area de cores... neste contacto observamos como evoluciona o xogo e a interacción entre os menos e nenas. Ensináronnos os materiais utilizados cuxa composición e colocación está rigorosamente pensada, así como a composición de cores e formas, que se basean en obras artísticas de pintores de recoñecido renome. Accedemos tamén aos espazos de aseo, ao comedor, ao espazo exterior... Puidemos, finalmente, observar aos nenos e nenas en practicamente todos os espazos e das diferentes idades, así como observar o momento da comida onde as educadoras e educadores comparten mesa e comida cos nenos e nenas.

O seguimento e organización do día de formación foi o seguinte:

- 9:30 horas: reunión con Ilaria Bossi para a organización da xornada de observación de espazos e experiencias.
- 10:00 horas: inicio da experiencia de campo ata as 12:30 horas.
- 12:45 a.m. a 14:00 a.m. Comida de buffet para todas as persoas participantes.
- De 14:00 a 16:00 h. Enfoque temático de análise en profundidade:
 - ✓ Deseño pedagóxico,
 - ✓ planificación educativa,
 - ✓ documentación pedagóxica,
 - ✓ relación educativa,
 - ✓ estilo educativo-formativo.
- A partir de lles 16:30 horas tempo libre.



Día 15/05/2019

O mércores 15 de maio a formación tivo lugar de 9:30 a 17:00. Este día leváronnos a coñecer un novo espazo de educación infantil que tamén pertence á rede de escolas infantís de Argenta e visitamos o servizo educativo Niño dei Infanzia Baby Ranch situado en Santa María Codifiume, Via Fascinata 240. A formación consistiu tamén na observación de campo e contacto cos diferentes materiais utilizados na metodoloxía empregada, que toma tamén o arte como base de aprendizaxe e ao redor deste viran as diferentes temáticas desenvoltas na metodoloxía nestas escolas.

A mesma tarde recibimos en Argenta unha conferencia para profundar na metodoloxía e a pedagogía que levan a cabo nas diferentes escolas e institucións onde prestan servizos. A charla estivo a cargo das pedagogas Ilaria Bossi e Cinzia Guandalini

O seguimento e organización do día de formación foi o seguinte:

Saída de Argenta ao redor das 9:15.

- Hora 9:30-16:00.

Formación de campo e observación. Visita ao servizo educativo Niño dei Infanzia Baby Ranch en Santa Maria Codifiume, Via Fascinata 240.

- 9:30. Charla - encontro de presentación do servizo, a cargo de Ilaria Bosi, pedagoga e Milena Mezzeti (responsable do servizo): experiencia educativa contorna rural, integración do linguaxe arte-natureza.
- 10:15-12:30. Presentación do servizo, observación de campo das experiencias e taller proposto polo equipo educativo e pedagóxico.
- 13:00. Xantar no restaurante “I cortili”.
- 15:30: regreso a Argenta.
- 17:00-19:00: Seminario – Conferencia

Lugar: Sala de Conferencias Piccolo Teatro, Centro Cultural Mercato, Argenta

Interveñen: Ilaria Bosi – Pedagoga e Cinzia Guandalini – Pedagoga.

Tema: Planificación pedagóxica, documentación e sustentabilidade no cambio. Recoñecemento do sistema de formación educativa: a importancia do goberno da reflexividade no campo pedagóxico.



Día 16/05/2019

O xoves 16 de maio repetimos a xornada no Niño Gaudí e Niño Dalí, esta vez para que os grupos que fixeran a observación nun dos niños puidesen ter a experiencia da observación no niño que non puidera observar o martes. A formación volveu estar baseada na observación de campo divididos en dous grupos nos Servizos Educativos Dalí/Gaudí de Argenta Vía G. dei Vittorio 30. Grupo A, no niño Gaudí e Grupo B en Niño Dalí.

O seguimento e organización do día de formación foi o seguinte:

- 9:30 horas: reunión con Ilaria Bossi para a organización da observación de espazos e experiencias..
- 10:00 horas: inicio da experiencia de campo ata as 12:30 horas.
- 12:45 a.m. a 14:00 a.m. Comida de buffet para todas as persoas participantes.
- De 14:00 a 16:00 h. Enfoque temático de análise en profundidade:
 - ✓ Investigación – acción.
 - ✓ Desenvolvemento de reflexións sobre o contexto da práctica educativa.
 - ✓ Deseño pedagóxico.
 - ✓ Imaxe e filosofía do servizo.
- A partir das 16:30 horas tempo libre.



Día 17/05/2019

O venres 17 de maio foi o último día de formación Erasmus+ en Argentina. A xornada formativa neste derradeiro día tivo lugar nun espazo diferente que presta servizos ás familias desestructuradas. Un lugar cuxa finalidade é potenciar un lugar de encontro familiar e favorecer a conciliación familiar, en especial naquelas familias con poucos recursos ou con problemas de relación familiar ou económica onde entran, entre outras, familias de orixen extranxeiro.

O seguimento e organización do día de formación foi o seguinte:

10:00 – 12:00. Presentación do Centro para a Familia e profundización nas áreas de intervención:

- ✓ Asesoramento pedagóxico.
- ✓ Mediación familiar.
- ✓ Espazo de información ás familias.
- ✓ Formación para a familia, nais, pais.

12.30 Recollida de certificados de formación.

13.00 Fin da formación e regreso ao aeroporto de Bolonia.



